



## PREGUNTA ORAL SOBRE OS ACTOS CELEBRADOS EN SANTIAGO NO 150 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte PREGUNTA ORAL

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano que está a piques de rematar cumpríronse os 150 anos do nacemento de Ramón María del Valle-Inclán, un aniversario que debería ser motivo dunha atención especial por parte do Concello de Santiago, cidade na que residiu durante a súa etapa universitaria e nos últimos anos da súa vida, na que faleceu e na que foi enterrado. Así o entendía o Grupo Municipal do Partido Popular cando o 18 de febreiro pasado presentaba unha iniciativa que foi aprobada polo Pleno municipal (coa abstención de Compostela Aberta) para organizar un programa cultural que servira para conmemorar persoas e acontecementos que cumprían neste ano 2016 o seu aniversario, entre outros o do nacemento de Valle-Inclán (e aínda algúns outros, como Camilo José Cela, Raimundo García “Borobó” ou Heraclio Pérez Placer, ignorados por este Goberno).

Naquela mesma semana do mes de febreiro, o alcalde recibía –na compañía da concelleira de Acción Cultural- a un neto do dramaturgo e novelista de Vilanova de Arousa co obxectivo, segundo a información oficial, de “avanzar na definición das actividades coas que se vai celebrar o 150 aniversario do nacemento do escritor”. Seguindo o relato oficial, “o rexedor explicou que se están barallando distintas propostas que van dende publicacións a roteiros, pasando por actos para reivindicar a figura de Ramón María del Valle-Inclán”.


Cando o ano está a piques de rematar, non temos constancia de ningunha actividade promovida polo Concello con este fin, a non ser a foto do alcalde co citado familiar.

Ignoramos calquera outra iniciativa propia do Concello, pero, por el contrario, temos constancia da falta de representación do Goberno en actos conmemorativos importantes dentro da propia cidade, como os celebrados no pasado 28 de outubro, data na que precisamente se cumprían os 150 do nacemento do creador do esperpento. Ese día coincidiron en Santiago a ofrenda floral na súa sepultura en Boisaca e a inauguración no Colexio de Fonseca da exposición *Valle-Inclán, genio y figura (1866-1936)*, ambos actos nos que a presenza do executivo local brillou pola súa ausencia, mentres houbo representación do Goberno galego e doutras institucións, incluído un concelleiro en representación do Goberno municipal de Lugo.

Ante a constatación destes feitos, formúlase a seguinte pregunta:

***Como explica o Goberno a súa ausencia nos actos celebrados na nosa cidade o día 28 de outubro en lembranza do 150 aniversario do nacemento de Ramón María del Valle-Inclán e en que actos colaborou ou cales organizou ao longo deste ano para “reivindicar” a súa figura e divulgar a súa obra?***

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016



Alejandro S. Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Popular